

BASES:

O Concello de Lugo, dentro das actividades de promoción do cooperativismo, convoca un concurso de fotografía co obxectivo de fomentar os valores cooperativos e o cooperativismo na nosa sociedade.

1ª.- Participantes

Poderán tomar parte no concurso todas aquelas persoas interesadas en participar.

2ª.- Categoría.

Establécese unha única categoría cun único premio, na cal as fotografías deberán facer referencia ao cooperativismo e aos valores que o inspiran.

3ª.- Condicións xerais:

- Cada persoa poderá presentar unha única obra.
- As obras deberán ser orixinais, e non poderán ter participado noutros concursos.
- As fotografías poderán ser realizadas con cámara fotográfica ou teléfono móbil.
- Serán rexeitadas todas as imaxes que atenten contra a política municipal en materia de igualdade, solidariedade, non violencia, respecto á diferenza, e todas aquelas que presiden e informan a actividade municipal.
- No caso de menores de idade, a participación no concurso implicará a autorización tácita dos seus pais, nais, titoras ou titores.
- A participación no concurso supón a cesión de forma gratuíta dos dereitos de comunicación e reprodución pública para a difusión das fotografías polo Concello de Lugo en calquera medio dixital ou escrito.

A remisión das fotografías realizarse a través da entrega delas, persoalmente ou por correo ordinario, nun sobre pechado, no interior do cal figurará a fotografía asinada na súa parte posterior cun pseudónimo, e un sobre que conterá os datos da persoa participante e o pseudónimo empregado. No exterior do sobre que conterá esta documentación figurará o seguinte enderezo: Centro de Servizos Municipais, Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ronda da Muralla, número 197, 27002 Lugo, indicando Concurso de fotografía “Cooperativismo e valores cooperativos” (CEI-NODUS). As fotografías entregadas fóra de prazo non serán admitidas no concurso.

- O prazo de presentación será ata o 31 de outubro de 2009.

- A título informativo, recórdase que o uso de imaxes e música preexistentes necesita a autorización escrita de quen posúa os seus dereitos; se aparecesen persoas recoñecibles a través de primeiros planos ou entrevistas, será necesaria a súa autorización e coñecer para o que están sendo fotografadas

4ª.- Premios e xurado.

Establécese como premio o seguinte:

1º: Unha cámara fotográfica profesional SONY DSCW2790

Unha selección dos traballos será exhibida na web <http://www.cei.lugo.es/>

O xurado estará composto por:

- 1 Representante da Concellería de Economía e Emprego do Concello de Lugo
- 1 Representante da Concellería de Xuventude do Concello de Lugo
- 1 Representante da Delegación Provincial do Consello Galego de Cooperativas
- 1 Representante da Escola de Artes Aplicadas

Así mesmo, e para os efectos do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa de desenvolvemento, autorízase a utilización dos datos persoais contidos no formulario de participación para o seu tratamento informático na xestión da participación á que se refire.

Primeira • Obxecto

O obxecto deste concurso é estimular e apoiar a comercialización de produtos e servizos cooperativos mediante propostas de marketing innovadoras que chamen a atención do potencial cliente e o propicien a súa compra.

Segunda • Persoas destinatarias

Podará participar neste concurso o alumnado de centros de ensino secundario, FP, e da USC do Campus de Lugo.

Tercera • Proxectos

Os proxectos terán por obxecto o impulso da comercialización de produtos e servizos cooperativos mediante a proposta de ideas de marketing innovadoras que chamen a atención sobre eles e propicien a súa compra polos potenciais clientes. Serán rexeitados todos aqueles proxectos que atenten contra a política municipal en materia de igualdade, solidariedade, non violencia, respecto á diferenza, e todas aquelas que presiden e informan a actividade municipal.

Cuarta • Presentación dos proxectos

Podarán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Cada persoa poderá participar nun só proxecto individual e/ou nun só proxecto colectivo. Para os proxectos colectivos establecece un máximo de tres persoas por grupo.

Quinta • Prazo

Os proxectos presentaranse antes do 31 de outubro de 2009 no Centro de Servizos Municipais, Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ronda da Muralla, número 197, 27002 Lugo.

Os textos entregados fóra de prazo non serán admitidos no concurso.

Deberá presentarse unha copia de cada proxecto escrita en galego, en papel formato A4 (DIN-A4, 210 x 297), claramente impresa a espazo simple en Century Gothic 12 ou tipo de letra similar, e nunha soa das caras da folia. A extensión máxima dos proxectos será de 10 follas (incluíndo no cómputo os anexos). Ademais será obrigatorio enviar os proxectos en formato electrónico de forma complementaria ao envío en papel.

Sexta • Documentación

• Cada proxecto presentárase asinado cun pseudónimo na portada e acompañado por un sobre, debidamente pechado; na súa fronte indícarase “Concurso ideas de marketing para produtos e servizos cooperativos (CEI-NODUS)” e o pseudónimo usado polas persoas/ autoras. No interior dese sobre deben figurar os datos persoais e de contacto do/a autor/a para os proxectos individuais e de cada un dos compoñentes do grupo de traballo nos proxectos colectivos: nome e apelidos, DNI ou número de pasaporte, domicilio, teléfono, e enderezo de correo electrónico, se o tivese; ademais dos datos do centro de ensino ou universidade onde esta cursando estudos. O dito sobre permanecerá invariabilmente pechado, a excepción dos correspondentes proxectos que acaden o premio.

• Cada proxecto entregado estará acompañado ademais dunha nota escrita pola/s persoa/s autora/s e asinado co seu pseudónimo, na cal aceptará expresamente as bases e condicións do concurso, e declarará que a obra é da súa autoría, inédita, que non foi presentada a outro concurso pendente de resolución e que non ten cedidos ou prometidos os dereitos de edición e/ou reprodución en calquera forma con terceiros. No sobre pechado indicado anteriormente, incluírase unha certificación asinada co nome e apelido da persoa autora, na que esta se fai expresamente responsable da veracidade e exactitude da declaración mencionada neste parágrafo. No caso de faltar este requisito, o proxecto quedará excluído do concurso.

Sétima • Xurado e avaliación

- Os proxectos presentados serán avaliados por un xurado composto polos seguintes membros:
 - 1 Representante da Concellería de Economía e Emprego do Concello de Lugo.
 - 1 Representante da Concellería de Xuventude do Concello de Lugo.
 - 1 Representante da Delegación Provincial do Consello Galego de Cooperativas.
 - 1 Representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- Avaliarase a coherencia e viabilidade económica das accións de marketing propostas.
- O premio será outorgado polo xurado; a decisión tomarase por unanimidade ou, se non, por maioría de votos, e será inapelable. A resolución darase a coñecer no transcurso do acto público que se celebrará para proceder á entrega de premios e para a promoción do cooperativismo.
- O xurado poderá declarar o premio deserto.

Oitava • Premios

O/s autor/es ou a/s autora/s do mellor proxecto recibirán como premio un ordenador portátil Netbook.

Novena • Difusión proxectos

- O outorgamento dos premios establecidos neste concurso implica, sen necesidade de ningunha declaración por parte das persoas/ autoras, o recoñecemento do dereito exclusivo a favor do Concello e Lugo, a reproducir, traducir e difundir os proxectos premiados nas condicións, cos medios a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos.
- O Concello de Lugo reservará para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes das persoas gañadoras, polos medios e formas de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que as persoas participantes no concurso prestaron o seu consentimento ao presentar o proxecto.
- quen concurre exonerada de toda responsabilidade ao Concello de Lugo, no caso de que os proxectos resultasen danados ou destruídos por caso fortuíto ou forza maior, mentres estiveren en poder del. Os materiais presentados non serán devolvidos.

Décima • Aceptación das bases

A presentación dun proxecto neste concurso implica a aceptación incondicional destas bases que teñen carácter administrativo, e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e se non pola normativa xeral que lle sexa de aplicación. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos delas que poidan xurdir acuítrase ao Concello de Lugo.